

# Contos do luns

Alphonse Daudet

Tradución de Xavier Senín



ALPHONSE DAUDET

# Contos do luns

Escolma

Traducido por Xavier Senín



A DERRADEIRA CLASE  
(RELATO DUN PEQUENO ALSACIANO)

Aquela mañá levaba eu moito atraso para ir á escola e tiña moito medo de que me berrasen, aínda para máis porque o señor Hamel nos dixera que nos preguntaría os participios e eu non sabía nin papa. Por un momento veume a idea de latar e de liscar a correr polo campo. O tempo estaba tan caloroso e o ceo tan claro!

Escoitábanse asubiar os merlos na beira do bosque, e no prado Rippert, detrás do serradoiro, os prusianos facían exercicio. Aquilo tentábame bastante máis ca a regra dos participios, pero tiven a forza de resistir e corrín ás présas para a escola.

Ao pasar perante a Casa do concello, vin que había xente parada preto do taboleiro de anuncios. Desde había dous anos todas as malas novas nos chegaban de alí: as batallas perdidas, as requisicións, as ordes da comandancia... Pensei sen determe: «Que pasará agora?».

Daquela, cando atravesaba a praza ás carreiras, o ferreiro Wachter, que estaba alí co seu aprendiz lendo o anuncio, berroume:

—Non corras tanto, meu fillo; sempre chegarás cedo dabondo á escola!

Crin que se moqueaba de min e entrei todo atafegado no pequeno patio do señor Hamel.

Decotío, ao comezo da clase, formábase un gran barullo que se escoitaba desde a rúa: os pupitres abríndose e cerrándose, as leccións que repasabamos en voz alta todos xuntos, coas orellas tapadas para que nos quedasen mellor, e a enorme regra do mestre que batía nas mesas e ordenaba:

—Un pouco de silencio!

Contaba con esa barafunda para dar chegado ao meu banco sen ser visto; pero precisamente aquel día todo estaba tranquilo, coma se fose unha mañá de domingo.

Pola ventá aberta vin os meus compañeiros, xa colocados nos seus sitios, e o señor Hamel, que pasaba e volvía pasar coa terrible regra de ferro debaixo do brazo. Tiña que abrir a porta e entrar no medio daquela enorme calma. Imaxínade que rubio me puxen e canto medo levaba!

Pois ben, non pasou nada! O señor Hamel miroume sen ira e díxome con voz manseliña:

—Senta axiña no teu sitio, meu pequeno Franz. Xa iamos comezar sen ti.

Escarranchei as pernas para montar no banco e sentei no meu pupitre. Só entón, algo recuperado do medo, decateime de que o noso mestre levaba posta a súa bonita levita verde, o encaixe da camisa plisado e mais o casquete de seda negra bordado que unicamente vestía

os días de inspección ou de entrega de premios. Polo demais, na clase reinaba un aquel extraordinario e solemne. Pero o que máis me sorprendeu foi ver ao fondo da clase, nos bancos que decote quedaban baleiros, xente da aldea sentada e silenciosa coma nós: o andado Hauser co seu tricorne, o ancián alcalde, o vello carteiro e outra xente máis; todos semellaban contristados. Hauser, coas grosas lentes colocadas ao través, levara un vello silabario comido polos bordos que mantiña aberto de par en par encol dos xeonllos.

Mentres me admiraba con todo aquilo, o señor Hamel subira ao estrado, e coa mesma voz doce e grave coa que me recibira, díxonos:

—Meus fillos, esta é a derradeira vez que vos dou clase. Chegou a orde de Berlín de non aprender máis ca alemán nas escolas de Alsacia e de Lorena... O novo mestre chega mañá. Hoxe é a vosa derradeira lección de francés. Pídevos que esteades moi atentos.

Estas poucas palabras conmocionáronme. Ah, que miserables! Velaí o que anunciaran na Casa do concello. A miña derradeira lección de francés...! E eu que apenas sabía escribir! Tiña que quedar aí...! Como me avergoñaba agora do tempo perdido, das clases ás que latara para ir aos niños ou para esvarar polo Saar! Os meus libros, que até non había moito atopaba tan aburridos e pesados de levar, a miña Gramática, a miña Historia sagrada, semellábanme agora amigos de vello que me magoaba abandonar. E o mesmo me pasaba co señor Hamel. A idea de que ía marchar, de que xa non o

volvería ver, facíame esquecer os castigos e os broucazos coa regra.

Pobre home! Co gallo desta derradeira clase puxera a súa fermosa roupa de domingo e agora comprendía por que os vellos da aldea viñeran sentar ao fondo da clase. Aquilo parecía querer dicir que lamentaban non ter vido con máis frecuencia á escola. Era tamén unha maneira de agradecerlle ao mestre os seus corenta anos de bo servizo e de presentarlle os seus respectos á patria que marchaba con el.

Andaba ensumido en tales cavilacións cando escoitei pronunciar o meu nome. Tocábame a min recitar. Canto non daría eu por poder dicir de cor a famosa regra dos participios, moi alto, moi claro, sen unha soa falta; pero enguedelleime nas primeiras palabras, e seguín de pé a abalarme no meu banco, moi apesarado, sen ousar erguer a cabeza. Escoitaba o señor Hamel que me falaba:

—Non che vou berrar, meu pequeno Franz, xa tes castigo suficiente..., velaí o tes. Decotío, un di para si: «Bah, teño tempo dabondo. Xa aprenderei mañá». E logo xa ves o que pasa... Ah! Foi a gran desgraza da nosa Alsacia adiar sempre a instrución para mañá. Agora esa xente ten dereito a nos dicir: «Como! Pretendedes ser franceses e non sabedes ler nin escribir a vosa lingua?». Secasí, meu pobre Franz, aínda non es ti o máis culpable. Todos nós temos a nosa boa parte de reproches que facernos.

»Os vosos pais non puxeron demasiado empeño na vosa educación. Preferían mandarvos traballar ao

campo ou ás fábricas de fíos para gañar algúns céntimos máis. E eu mesmo non teño nada que reprocharme? E logo non vos mandei ben de veces regar o meu xardín no canto de traballar? E cando quería ir pescar troitas, seica me amolaba darvos vacacións?

Daquela, dunha cousa noutra, o señor Hamel deu en falarnos da lingua francesa, dicindo que era a máis fermosa do mundo, a máis clara, a máis sólida, que tiñamos que conserva-la entre nós e non esquecela endexamais, porque, cando un pobo cae escravo, mentres conserva perfectamente a súa lingua é coma se tivese a chave<sup>1</sup> da súa prisión... Despois, colleu a Gramática e leunos a lección. Marabillábame ver como o entendía todo. O que dicía parecíame doado, doado. Coido que o que ocorría é que nunca escoitara con tanta atención e que el nunca puxera tanta paciencia nas explicacións. Calquera diría que, antes de marchar, o pobre home quería entregarnos todo o seu saber, metérnolo de vez na cachola.

Rematada a lección, pasamos á escrita. Para aquel día o señor Hamel preparara exemplos novos do trinquete, sobre os cales escribira en fermosa letra redonda: «Francia», «Alsacia», «Francia», «Alsacia». Semellaban unha sorte de pequenas bandeiras que flutuaban arredor da clase, penduradas da varela dos nosos pupitres. Había que ver como cadaquén se aplicaba e que silencio! Non se escoitaba máis que o rascar das plumas no papel. Nun momento entraron uns abellóns, pero ninguén

---

<sup>1</sup>*Nota do autor:* «Se posúe a súa lingua, ten a chave que o libra das súas cadeas». F. De Mistral.



lles fixo caso ningún, nin sequera os pequenos, concentrados en escribir os seus borranchos cun afervoamento, cunha conciencia, coma se aquilo tamén fose francés... No teito da escola unhas pombas rulaban moi baixo, e eu cavilaba ao escoitalas: «A elas tamén as van obrigar a cantar en alemán?».

De cando en vez, ao que levantaba os ollos da páxina, vía o señor Hamel inmóbil no seu estrado, fitando os obxectos que había ao seu redor, coma se quixese levar na súa mirada o edificio da escola. Imaxínade! Había corenta anos que estaba alí, no mesmo lugar, co patio en fronte e a aula sen cambios. Só os bancos estaban máis desgastados, luídos polo uso; as nogueiras do patio medraran, e o lúpulo que el mesmo plantara subía coma unha grilanda polas ventás até o tellado. Que suplicio debía de ser para aquel pobre home abandonar todas aquelas cousas e escoitar a súa irmá que ía e viña no cuarto de arriba mentres pechaba os baúis! Porque tiñan que marchar ao día seguinte, deixar para sempre o país.

Non obstante, tivo a coraxe de dar a clase até o final. Despois da escrita, demos a lección de Historia, e, a seguir, os cativos cantaron en coro o «BA, BE, BI, BO, BU». No fondo da clase, o vello Hauser puxera as lentes e, agarrando o silabario con ambas as dúas mans, soletraba canda eles. Víase que tamén el se aplicaba; a súa voz tremía de emoción e era tan estraño oílo que nos entraban a todos ganas de rir e de chorar. Ah, lembrarei sempre esa derradeira clase!

De súpeto, o reloxo da igrexa tocou as doce, despois o *Angelus*. Nese mesmo momento, as trompetas dos prusianos que volvían da instrución estouraron debaixo das nosas fiestras... O señor Hamel ergueuse da cadeira completamente pálido. Nunca tan alto me parecera.

—Meus amigos —dixo—, meus amigos, eu... eu...

Pero había algo que o afogaba e non o deixaba rematar a frase.

Daquela virouse cara ao encerado, colleu un anaco de xiz e, premendo con todas as súas forzas, escribiu tan groso como foi capaz: «VIVA FRANCIA!».

Despois quedou alí, coa cabeza apoiada na parede e, sen falar, coa man, acenounos:

—Acabouse. Marchade.



## ARTHUR

Hai algúns anos vivía eu nunha casa nos Campos Elisios, na travesía das doce casas. Imaxínade un curruncho de arrabalde perdido, inserido no medio daquelas grandes avenidas aristocráticas tan frías e tranquilas que semella que unicamente é posible pasar por elas en coche. Non sei que capricho de propietario, que manía de avaro ou de vello permitía que, no corazón daquel fermoso barrio, quedasen así aqueles terreos a monte, aqueles pequenos xardíns balorentos, aquelas casas baixas, construídas de través, coa escaleira por fóra e solainas de madeira cheas de roupa tendida, de gaiolas de coellos, de gatos estransillados, de corvos adestrados. Vivían alí parellas de obreiros, pequenos rendeiros, algúns artistas –encóntranse por todos os lados onde hai árbores–, e por fin dous ou tres cortellos de aspecto sórdido, como luxados por xeracións de miseria. Todo arredor, o esplendor e o ruído dos Campos Elisios, unha circulación continua, un choque de arreos e de pasos fogosos, portas de vehículos que se pechan pesadamente, carruaxes que estremecen os portais, pianos con sordina, violíns de

Mabille, un horizonte de grandes mansións mudas, de esquinas arredondadas, cos seus cristais matizados por cortinas de seda clara e os seus altos espellos sen azougue até onde chegan os dourados dos candelabros e as flores raras das xardineiras...

Esta canella negra das doce casas, soamente iluminada nun extremo por un farol, era como os bastidores do fermoso decorado que a rodeaba. Todo canto abelorio había naquel luxo viñera refuxiarse alí: galóns de libreas, xerseis de pallasos, toda unha bohemia de palafreiros ingleses, de xinetes de circo, os dous pequenos postillóns do hipódromo cos seus ponis xemelgos e os seus carteis de anuncio, o coche das cabras, os monicreques, os vendedores de barquillos e, ademais, recuas de cegos que chegaban ao serán, cargados coas súas cadeiras de tesoiras, os seus acordeóns e as súas escudelas. Un deses cegos casou mentres eu vivía nesa rúa, grazas ao cal puidemos gozar toda a noite dun concerto fantástico de clarinetes, de óboes, de órganos, de acordeóns no que se vían desfilar perfectamente todas as pontes de París coas súas diferentes salmodias... De ordinario, porén, a rúa era bastante tranquila. Aqueles lacoeiros da rúa non retornaban até o solpor..., e viñan tan cansos! Unicamente había boureo os sábados, cando Arthur cobraba a súa paga.

O tal Arthur era veciño meu. Un muriño que se prolongaba nunha reixa separaba apenas a miña casa do apartamento onde el vivía coa súa muller. De xeito que, moi ao meu pesar, a súa vida se atopaba mesturada coa

miña, e cada sábado escoitaba, sen perder un ápice, o horrible drama tan parisiense que representaba esa parella de obreiros. A cousa comezaba sempre da mesma maneira. A muller aviaba a cea; os nenos andaban ao seu redor. Ela faláballes con dozura; estaba atarefada. As sete, as oito: ninguén... Ao que o tempo pasaba, a súa voz cambiaba, caíanlle bágoas, poñíase nerviosa.

Os cativos tiñan fame, estaban mortos de sono e daban en rosmar. O home seguía sen chegar. Comían sen el. Despois, coa cativada deitada e o galiñeiro durmido, a muller dirixíase ao balcón de madeira e eu oía como borboriñaba entre saloucos:

—Que canalla! Que canalla!

Algúns veciños, ao volveren para as súas casas, atopábanna alí e compadecíanse dela.

—Váíase deitar, señora. Ben sabe vostede que non volverá, que hoxe é día de paga.

E logo viñan os consellos e as rexoubas.

—Eu onda vostede, ben sei o que faría... Por que non llo di ao seu patrón?

Toda aquela compaixón aínda a facía chorar máis, pero ela teimaba na súa esperanza, agardaba por el, irritábase, e cando se pechaban as portas e a pasaxe ficaba muda, coidaba que estaba soa e permanecía alí debruçada, gurrando nunha idea fixa, contándose a si mesma en voz moi alta as súas tristuras, con ese desleixo do pobo que ten sempre unha metade da vida na rúa. Preocupábanlle os alugueiros atrasados, os provedores que atormentaban, o panadeiro que lle negaba o pan... Que

faría se unha vez máis volvía sen cartos? Á fin entráballe o cansazo de axexar os pasos atrasados, de andar a contar as horas. Metíase dentro, pero moito despois, cando eu pensaba que todo rematara, sentíaa tusir preto de min na solaina. A malpocada aínda seguía alí, levada pola inquietude, estragando os ollos a esculcar naquela canella negra sen lograr ver outra cousa ca o seu desamparo.

Contra a unha, as dúas e por veces máis tarde, sentíase cantar no extremo da pasaxe. Era Arthur que volvía. Case sempre chegaba acompañado, arrastrando un compañeiro até a porta:

—Ven, anda ven!

E mesmo alí cambaleaba un pouco e non se decidía a entrar, pois sabía perfectamente o que agardaba na casa. Mentres subía pola escaleira, o silencio da vivenda durmida que lle devolvía o seu paso pesado abelloábao coma un remorso. Falaba só, moi alto, deténdose perante cada tugurio:

—Boas noites, señora Weber... Boas noites, señora Mathieu.

E se non lle respondían soltaba un fato de inxurias até que conseguía que todas as portas e todas as fiestras se abrisen para devolverlle maldicións. Iso era o que el quería. Á súa bebedeira gustáballe o balbordo, a algueirada. E desa maneira quentábase, chegaba encolerizado e dáballe menos medo entrar na casa.

A súa entrada era terrible...

—Abre, son eu...

Eu oía os pés nus da muller no piso, o refregar dos mistos e o home, que, des que entraba, tentaba farfallar unha historia, sempre a mesma: arrastrárano os compañeiros...

—Muller, ti ben sabes... Foi un que traballa no ferrocarril.

A muller non o escoitaba.

—Ulos cartos?

—Non os teño —dicía a voz de Arthur.

—Mentes!

E mentía, xaora! Mesmo arrastrado polo viño, reservaba sempre algunhas moedas pensando na sede do luns, e eran eses restos da paga o que ela tentaba arrincarlle. Arthur debatíase:

—Non che estou dicindo que bebín todo! —berraba.

Sen responder, ela engarrábase nel con toda a súa indignación, con todos os seus nervios, sacudíao, abaneábao, poñíalle os petos do revés. Ao cabo dun momento, eu escoitaba rodar polo chan os cartos e a muller que se lle botaba enriba cun berro de triunfo.

—Ah! Non ves?

Despois un xuramento, golpes xordos... Era o borracho que se vingaba. Unha vez que comezaba a mallar xa non había quen o parase. Todo o que hai de malo, de destrutor naquela purrela subíalle ao cerebro e quería saír. A muller berraba, os últimos mobles do cubil voaban esnaquizados, os rapaces espertos e sobresaltados choraban de medo. Abríanse as ventás na pasaxe e falaba a xente:



—É Arthur! É Arthur!

Por veces tamén o sogro, un vello farrapeiro que vivía no piso veciño, acorría a súa filla; pero Arthur pechábase con chave para non ser interrompido na súa angueira. Daquela, a través da pechadura, comezaba un diálogo aterrecedor entre o sogro e mais o xenro, e nós aprendiamos algunhas cousiñas:

—Seica non che abondaron os dous anos de cárcere, bandido! —berraba o vello.

E o borracho, cun ton de soberbia, respondía:

—Pois si, botei dous anos preso... E logo que? Polo menos eu paguei a miña débeda coa sociedade... Procura ti pagar a túa!

Aquilo parecíalle simple: «Eu roubei, vós metéstesme no cárcere. Pois xa estamos en paz». Con todo, se o vello porfiaba de máis, Arthur, impaciente, abría a porta e botábase ao sogro, á sogra, aos veciños e batía en todo o mundo, como pulchinelo.

Así e todo, non era mal home. Con frecuencia, o domingo, á mañá seguinte dunha daquelas matanzas, o borracho apazugado, sen un peso para ir beber, pasaba o día na casa. Sacaban as cadeiras dos cuartos. Instalábanse no corredor a señora Weber, a señora Mathieu, todo o edificio, e parolaban. Arthur comportábase amablemente, amosábase enxeñoso. Calquera diría que era un deses obreiros modelos que aproveitan a tarde para estudar. Ao falar adoptaba unha voz monótona, doce; declamaba anacos de ideas recollidos un pouco por todas partes, sobre os dereitos do obreiro ou a tiranía do

capital. A súa pobre muller, amolecida polos golpes da véspera, mirábao con admiración, e non era a única.

—Este Arthur, así e todo, se quixese! —murmuraba a señora Weber suspirando.

A seguir, aquelas damas facíano cantar... Cantaba *As andoriñas*, de De Bélanger... Oh, aquela voz gutural, chea de falsas bágoas, o coitado sentimentalismo do obreiro! Baixo o corredor balorento, de tea asfáltica, os cerellos estendidos deixaban pasar un recanto de ceo azul entre as cordas, e todos aqueles crápulas con fame de ideal á súa maneira viraban cara a alí arriba os seus ollos mollados.

Todo aquilo non impedía que, o sábado seguinte, Arthur bebese a paga e batese na muller. Naquel cubil había outros pequenos Arthur que agardaban ter a idade do pai para beberen a súa paga e felpar as súas mulleres...

—E esa é a raza que querería gobernar o mundo! Ah, que desgraza! —como dicían os meus veciños da pasaxe.



## OS TRES AVISOS

Tan certo como que me chamo Belisaire e neste momento teño a garlopa na man, se o tío Thiers imaxina que a boa lección que acaba de darnos servirá de algo, é que non coñece o pobo de París. Mire, señor, por máis que nos fusilen en masa, que nos deporten, que nos exporten, que poñan Cayenne no extremo de Satory, por máis que ateiguen os pontillóns coma barrís de sardiñas, ao parisiense gústalle a revolta e nada poderá quitarlle ese gusto! Levámolo no sangue. Que lle quere? O que nos divirte non é tanto a política como o gran barullo que carrea: os talleres pechados, as concentracións, a ruada, e aínda algo máis que eu non sabería explicarlle.

Para enténdelo ben, cómpre nacer, coma min, na rúa do Orillon, nun obradoiro de carpinteiro, e desde os oito até os quince anos que me puxeron de aprendiz, andar rodando polo barrio nun carro cos brazos cheos de labras. Ah, o demo me leve! Podo dicir que durante este tempo fixen moitas revolucións. Cando era un cativo, non máis alto ca un can sentado, non ben había algara-da en París, podía estar vostede seguro de verme metido

no medio. Eu case sempre a barruntaba. Ao que vía que os obreiros marchaban collidos do brazo nos arrabaldes, ocupando a beirarrúa todo ao ancho, e as mulleres a falar nas portas, xesticulando, e toda aquela caterva de xente que baixaba barreiras, cismaba mentres carretaba as miñas labras: «Bo negocio! Vai haber algo...».

En efecto, non fallaba. Pola noite, ao volver á casa, encontraba o obradoiro cheo de amigos do meu pai a parolaren de política arredor do banco de carpinteiro. Uns veciños levábanlle o xornal, pois naquel tempo non había follas a un céntimo como hai agora. Os que querían recibir o xornal pagábano entre varios da mesma casa e logo o ían pasando de piso en piso... O tío Belisaire, que seguía traballando malia todo, empurraba o cepillo con cólera ao oír as noticias; lembro que aqueles días, no momento de sentar á mesa, a miña nai sempre nos dicía:

—Andade con tino, rapaces... O voso pai non anda contento por mor dos asuntos da política.

Eu, non pense, non entendía gran cousa daqueles malditos asuntos. Con todo, había palabras que me entraban na cabeza a forza de escoitalas, como un supoñer:

—Ese canalla de Guizot que foi a Gand...!

Eu non sabía quen era o tal Guizot nin que lle quería dicir ir a Gand; pero tanto tiña. Repetía coma os demais:

—Canalla de Guizot! Canalla de Guizot!

Acudía de tan boa gana chamarlle canalla a aquel pobre Guizot, que na miña cabeza o confundía cun loubán

axente de policía que se colocaba na esquina da rúa do Orillon e adoitaba facerme xudiadas a causa da carreta de labras que levaba... A aquel roxo alto ninguén o quería naquel barrio! Os cans, os nenos, todo o mundo lle collera zuna; unicamente o taberneiro, para engarguelalo de cando en vez, acostumaba pasarlle un vaso de viño pola porta entreaberta da taberna. Aquele roxo alto achegábase coma quen non quere a cousa, miraba en volta e, se non había xefes á vista, despois, ao pasar, glup! Endexamais vin baixar un vaso de viño con tanta rapidez! O bo era axexar o momento no que tiña o cóbado no aire e chegar por detrás berrando:

—Atención, poli! Velaí vén o oficial.

O pobo de París sómoslle así, son os polis os que levan as culpas de todo. Un afaise a odiar os pobres demos, a miralos coma cans. Os ministros fan parvadas e logo fánlleslas pagar aos policías, e cando unha vez chega unha boa revolución, os ministros refúxianse en Versalles e os policías ao canal...

Volvendo ao rego: desde o momento en que algo ocorría en París, eu era un dos primeiros en sabelo. Aqueles días, citabámonos os pequenos do barrio e baixabamos xuntos polo arrabalde. Había xente que berraba:

—É na rúa Montmartre! Non! Na porta Saint-Denis!

Outros que andaban de compras por aquel lado, volvían furiosos por non poder pasar. As mulleres corrían ás panadarías. Cerrábanse as portas dos coches. Todo aquilo nos animaba. Cantabamos, empurrabamos os pequenos tendeiros das rúas, que levantaban axiña

os postos e os mostradores coma nos días de forte vento. Algunhas veces, ao que chegabamos á canle, as pontes das esclusas xa estaba levantadas. Detíñanse alí carromatos e camións. Os cocheiros xuraban, a xente inquietábase. Nós escalabamos correndo a gran pasarela toda de banzos que separaba daquela o arrabalde da rúa do Temple e chegabamos aos bulevares.

O bulevar era divertido os martes de Entroido e os días de motín. Case non había coches; podiamos correr por onde nos petase naquela gran calzada. Ao vernos pasar, os tendeiros daqueles barrios decatábanse do que ocorría e pechaban os comercios. Escoitábase cerrar de golpe as contraventás e, con todo, unha vez o comercio pechado, aquela xente mantíñase diante das portas, porque entre os parisienses a curiosidade é máis forte ca todo.

Por fin avistabamos unha masa negra, a multitude, o barullo. Alí estaba! O caso é que para ver con claridade había que colocarse en primeira fila; e, raios!, recibiamos unhas pancadas... Non obstante, a forza de empurrar, de apuxar, de meternos por entre as pernas, acababamos por chegar. Unha vez ben situados diante de todo o mundo, respirabamos e sentiámonos orgullosos. O feito é que o espectáculo pagaba a pena.

Mire, nin o señor Bocage, nin o señor Mélinge me produciron nunca unha palpitación semellante á que eu experimentaba vendo alá, ao fondo da rúa, no espazo que quedaba libre, o comisario avanzar coa súa banda. Os demais berraban:

—O comisario! O comisario!

Eu non dicía nada. Tiña os dentes apertados polo medo, polo pracer, por non sei que. Pensaba: «O comisario está aí... Ollo coas pancadas que van vir agora...».

Pero aínda non eran as pancadas as que me impresionaban, senón aquel demo de home coa banda sobre o traxe negro e aquel gran sombreiro de señor que lle daba aspecto de estar de visita no medio dos morrións e dos tricornes... Aquilo producíame unha impresión...! Despois do redobre de tambor, o comisario comezaba a murmurar algo. Como estaba lonxe de nós, malia o profundo silencio, a súa voz perdíase no aire e non se escoitaba máis ca isto:

—Mmm... mmm... mmm...

Pero nós coñeciamos tan ben coma el a lei sobre as aglomeracións. Sabiamos que tiñamos dereito a tres avisos antes de chegar ás pancadas. De xeito que ao primeiro ninguén se movía. A xente quedaba alí tan tranquila coas mans nos petos... No entanto, ao segundo redobre, comezabamos a palidecer e a mirar á dereita e á esquerda por onde teriamos que fuxir... Ao terceiro redobre, brrr!, era coma unha desbandada de perdices, berros, miaños, un voar de mandís, de sombreiros, de gorros, e despois, detrás, alá abaixo, as porras que comezaban a zoscar. En serio, non lle hai obras de teatro capaces de producirlle esas emocións. Tiñamos oito días para contarlles todo aquilo aos outros, e que orgullosos estaban os que podían dicir:

—Escoitei o terceiro aviso!



Cómpre dicir tamén que naquel xogo arriscabamos o peello. Figúrese que un día, na punta de Saint-Eustache, non sei como fixo o comisario as súas contas, pero aínda non se producira o segundo redobre e velaí os gardas que aparecen coa porra disposta. Non quedei a agardalos, que pensa vostede! Pero por moito que estiraba as perniñas, un daqueles demos encarnizárase tras miña e acosábame tan preto que despois de sentir dúas ou tres veces o vento da súa porra, acabei por recibila de cheo na cabeza. O demo me coma, que descarga! Nunca vin tantas estrelas...! Leváronme á casa co rostro fendido, e se pensa que iso me escarmentou... Ah! Ben, si, todo o tempo que a pobre mamá Bélisaire me poñía compresas, eu non deixaba de berrar:

—Non foi culpa miña... Foi ese canalla de comisario que fixo trampa... Non deu máis ca dous avisos!

## A SOPA DE QUEIXO

Era un cuarto pequeno no quinto, unha desas bufardas onde a choiva cae dereita sobre os cristais en forma de lumieira, e que, coa chegada da noite, como agora, semellan perderse nos tellados, na escuridade e nos refoleos. Non obstante, a peza é boa e comfortable; experimentábase entrando nela unha especie de sensación de benestar que aumenta aínda o ruído do vento e os torrentes de choiva a caer polos canlóns. Calquera creería que estaba nun niño ben quente, empolicado nunha árbore alta. Polo momento o niño está baleiro. O dono da vivenda non está alí, pero un decátase de que vai volver á casa axiña, e todo no seu fogar semella agardar por el. Riba dun bo lume sobre unha cama de cinzas, unha pequena marmita ferve devagar cun murmurio de satisfacción. É un pouco tarde para que unha marmita estea cocendo; de xeito que, aínda que esta pareza feita para o seu oficio, a xulgar polos seus lados queimados, pasados pola chama, impaciéntase e levántaselle o tecto de vez en cando, axitado polo vapor. Daquela unha apetitosa bafarada de calor sobe e espállase polo cuarto.

Oh, como recende a sopa de queixo!

Por veces tamén o lume tapado sepárase un pouco. Derrúbanse as cinzas que cobren a leña e unha pequena chama corre polo chan, alumeando o aloxamento por abaixo, como para realizar unha inspección e asegurarse de que todo está en orde. Si, abofé! Todo está en perfecta orde e o dono pode vir cando queira. As cortinas de raias de cores están corridas diante das fiestras, colocadas con xeito arredor do leito. Velaí a gran butaca ao pé da cheminea; a mesa nun recanto, ben disposta, coa lámpada presta para alumar os cubertos colocados para unha soa persoa, e a carón do prato e os cubertos, o libro, compañeiro da comida solitaria... E da mesma maneira que a marmita está marcada por efecto do lume, as flores da vaixela palideceron na auga, o libro está engurrado polos bordos. Sobre todo aquilo pende o aire delicado, un pouco fatigado, dun costume. Coñécese que o amo do aloxamento debe volver moi tarde todas as noites, e que lle gusta atopar ao entrar esa pequena cea que coce a lume maino e mantén o cuarto perfumado e quente até a súa volta.

Oh, como recende a sopa de queixo!

Ao ver a limpeza daquel cuarto de solteiro, imaxino un empregado, un deses seres meticulosos que instalan en toda a súa vida a exactitude da hora da oficina e a orde das caixas etiquetadas. Para volver tan tarde, debe traballar en correos ou telégrafos na quenda de noite. Imaxínoo desde aquí detrás dun portelo, con manguitos de tea lustrosa e pucha de veludo, clasificando, selando

cartas, debandando as bandeirolas azuis dos despachos, preparando para o París que dorme e se divirte todos os seus asuntos do día seguinte. Pois ben, non. Non é iso. Velaí que esculcando no cuarto, a débil claridade do fogar vén iluminar as grandes fotografías penduradas da parede. Axiña se ven saír das sombras, encadrados en ouro e maxestosamente revestidos, o emperador Augusto, Mahoma, Félix, o cabaleiro romano gobernador de Armenia, coroas, cascos, tiaras, fitas, e baixo aqueles gorros diferentes, sempre a mesma cabeza solemne e ergueita, a cabeza do señor da casa, o feliz señor para o cal coce devagar e ferve amodo sobre as cinzas quentes aquela sopa recendente...

Oh, como recende a sopa de queixo!

Desde logo que non! Este non é un empregado de correos. É un emperador, un amo do mundo, un deses seres providenciais que todas as tardes de repertorio fan tremar as bóvedas do odeón e só teñen que dicir: «Gardas, prendédeo!», para que os gardas obedezan. Nese momento está alí, no seu palacio, do outro lado da auga. Cos coturnos nos talóns, coa clámide polos ombreiros, erra baixo os pórticos, declama, prega a sobrecella, cóbrese conturbado nos seus parlamentos tráxicos. É tan triste, xaora, representar para as butacas! E a sala do odeón é tan grande, tan fría, nos seráns de traxedia! De súpeto, o emperador, medio xeado baixo a súa púrpura, sente un tremor de calor que lle corre por todo o corpo. Acéndenselle os ollos, ábrenselle as ventas do nariz... Soña con que, cando volva á casa, vai atopar

o seu cuarto aínda quente, a mesa posta, a lámpada lista e todo o seu pequeno aloxamento ben ordenado, con ese coidado burgués dos comediantes que na vida privada se vingan das condutas unha miga desordenadas da escena... Xa se ve destapando a tarteira, enchendo o seu prato de flores...

Oh, como recende a sopa de queixo!

A partir dese momento, xa non é a mesma persoa. Os rectos pregamentos do seu clámide, as escaleiras de mármore, a rixidez dos pórticos, nada de todo aquilo o molesta xa. Anímase, apura a interpretación, precipita a acción. Meu Deus! Mira que se se apagase o lume da casa... Consonte a tarde avanza, a súa visión achégase e dálle ánimos. Milagre! O odeón desxéase. Os vellos habituais da orquestra, espertados do seu torpor, atopan que ese Marancourt está verdadeiramente magnífico, sobre todo nas últimas escenas. O feito é que no desenlace, na hora decisiva onde son apuñalados os traidores, na que as princesas son casadas, a fisionomía do emperador preséntavos unha beatitude, unha serenidade singulares. Co estómago furado por tantas emocións, por tantos parlamentos, seméllalle que está na súa casa, sentado na súa mesiña e a súa mirada vai de Cinna a Maxime cun bo sorriso entenecedor, coma se xa vise os fermosos fíos brancos que se estenden no extremo da culler, cando a sopa de queixo está no seu punto, ben cocida devagar e servida quente...

## O DERRADEIRO LIBRO

—Morreu —díxome alguén na escaleira.

Xa había varios días que sentía vir a lúgubre noticia. Sabía que dun momento a outro ía atopala nesa porta; así e todo, impresionoume como algo inesperado. Co corazón apesarado, cos beizos trementes, entrei naquel humilde aloxamento do home de letras, onde o gabinete de traballo ocupaba o máis do espazo e cuxo estudio despótico se apoderara de todo o benestar, de toda a claridade da casa.

Estaba alí, deitado nun leito de ferro moi baixo, e a súa mesa cargada de papeis, a súa grande escritura interrompida no medio das páxinas, a súa pluma aínda dereita no tinteiro dicían como o golpeará a morte de socato. Detrás do leito, un armario alto de carballo rebordando de manuscritos, de papeis, entreabríase case sobre a súa cabeza. Todo en derredor, libros, nada máis que libros, por todas partes: nos andeis, riba das cadeiras, no escritorio, apiñados no chan polos recantos até no pé do leito. Cando escribía alí, sentado á súa mesa, aquel amoreamento, aquela marfallada sen

po podía resultar agradable á vista; alí sentíase a vida, os azos do traballo. Pero naquel cuarto de morte, era lúgubre. Todos aqueles pobres libros que se afundían amoreados tiñan aspecto de estar listos para saír, para perderse naquela gran biblioteca do azar, espaxados nas vendas, nos peiraos, nos escaparates, folleados polo vento e os paseantes.

Eu acababa de bicalo no seu leito e permanecía de pé a miralo, completamente paralizado polo contacto daquela fronte fría e pesada coma unha pedra. De súpeto abriuse a porta. Un empregado de librería, cargado, arqueante, entrou con xesto alegre e colocou riba da mesa un paquete de libros acabados de saír da imprenta.

—É un envío de Bachelin —berrou. Despois, mirando para o leito, recuou, quitou a pucha e retirouse con discreción.

Había algo espantosamente irónico nese envío do libreiro Bachelin, cun mes de atraso, agardado polo enfermo con tanta impaciencia e recibido polo morto... Pobre amigo! Era o seu derradeiro libro, aquel no que puxera as maiores esperanzas. Con que coidado minucioso corrixiran as probas as súas mans, xa trementes de febre! Que présa tiña por ter o primeiro exemplar! Nos últimos días, cando xa non falaba, os seus ollos permanecían chantados na porta; e se os impresores, os encadernadores, toda esa xente empregada na obra dunha soa persoa, puidesen ver aquela mirada de anguria e de espera, as mans apresuraríanse, comporían as letras nas páxinas e as páxinas en volumes para chegar a tempo, é

dicir, un día máis cedo, e darlle ao moribundo a ledicia de volver atopar, completamente fresco no perfume do libro novo e a claridade dos caracteres, ese pensamento que xa sentía fuxir e escurecerse nel.

Mesmo na plenitude da vida, ao recibir o seu libro, o escritor segue a experimentar unha felicidade da que non se aburre nunca. Abrir o primeiro exemplar da súa obra, vela fixada, coma en relevo, e xa non nese gran fervedoiro do cerebro onde todo está sempre un pouco confuso, que sensación deliciosa! Cando un é moi novo, iso cáusavos un abraio! As letras resplandecen, alongadas de azul, de amarelo, coma se un tivese a cabeza chea de sol. Máis tarde, a esa ledicia de inventor mestúrase un pouco de tristura, o pesar por non ter dito todo o que un quería dicir. A obra que un leva dentro de si semella sempre máis fermosa ca o libro resultante. Pérdense tantas cousas nesa viaxe da cabeza á man! Vista nas profundidades do soño, a idea do libro parécese a esas fermosas medusas do Mediterráneo que pasan polo mar como matices flutuantes; colocadas na area non son máis ca unha pouca auga, algunhas pingas descoloridas que o vento seca decontado.

Mágoa! Nin esas alegrías, nin esas desilusións, o pobre do home non tivera nada da súa derradeira obra. Daba mágoa ver aquela cabeza inerte e pesada, durmi- da sobre a almofada, e ao seu carón aquel libro novo do trinque que ía aparecer nos escaparates, mesturarse cos ruídos da rúa, coa vida da xornada, cuxo título lerían de xeito maquinal os paseantes, levarían na memoria,



no fondo dos ollos, co nome do autor, ese mesmo nome inscrito na páxina triste dos concellos e tan riseiro, tan ledado na portada de cor clara. O problema da alma e do corpo semellaba manterse alí completamente enteiro, entre aquel corpo rixido que ían enterrar, esquecer, e aquel libro que se destacaba del, coma unha alma visible, viva e, se cadra, inmortal...

—Prometérame un exemplar —bisbou preto de min unha voz chorosa.

Vireime e percibín, baixo as lentes de ouro, un olliño vivo e escudriñador que eu coñecía e vós tamén, todos vós, amigos meus que escribides. Era o afeccionado aos libros, o que chega no momento de anunciar un libro voso e peta na porta con dous golpiños tímidos e persistentes que se lle asemellan. Entra riseiro, co espiñazo baixado, rebole arredor de vós, chámavos «Querido mestre», e non marchará sen levar o voso derradeiro libro. Tan só o derradeiro! Ten todos os demais, este é o único que lle falta. E como negarullo? Chega tan en punto, sabe collervos tan oportunamente no medio desa ledicia da que falabamos, no abandono dos envíos, das dedicatorias. Ah, o terrible homiño a quen nada desanima, nin as portas xordas, nin as acollidas xeadas, nin o vento, nin a choiva, nin as distancias. Pola mañá, encóntrase na rúa da Pompe, petando con suavidade na porta do patriarca de Passy; á tardiña volve de Marly co novo drama de Sardou baixo o brazo. E así, sempre trotando, sempre na procura, enche a súa vida sen facer nada e a súa biblioteca sen gastar un peso.

Desde logo, tiña que ser moi forte a paixón que este home experimentaba polos libros para empurralo así até aquel leito de morte.

—Eh! Colla o seu exemplar —dígolle eu impaciente.

Non o colleu, enguliuno. Despois, logo de ter o volume ben metido no fondo do peto, permaneceu sen moverse, coa cabeza inclinada nos ombros, a secar as lentes cun aire entenrecido. Que agardaba? Que o retiña? Se cadra un algo de vergoña. Tiña dificultade para marchar decontado, coma se non viñese máis que para iso?

Pois non!

Riba da mesa, no papel de embalaxe medio levantado, acababa de ver algúns exemplares de bibliófilo, cos lombos grosos, non cortados, con amplas marxes, floróns, viñetas en forma de pé de lámpada; e malia a súa actitude recollida, a súa mirada, o seu pensamento, todo estaba alí... Ao desgraciado íaselle o ollo!

Con todo, como é a manía de observar! Eu mesmo deixárame distraer da miña emoción e seguía, a través das miñas bágoas, aquela pequena comedia lamentable que se representaba na cabeceira do morto. Engorde, con pequenas sacudidas invisibles, o afeccionado achegouse á mesa. Pousou a man como por casualidade riba dun dos volumes; deulle a volta, abriuno, apalpou o papel. Ao mesmo tempo os ollos acendíanselle, o sangue subíalle ás meixelas. A maxia do libro operaba nel. Por fin, como non daba aturado máis, colleu un:

—É para o señor de Sainte-Beuve —díxome entón a media voz.

E na súa febre, na súa turbación, por medo a que llo quitasen, se cadra tamén para convencerme mellor de que era para o señor de Sainte-Beuve, engadiu moi serio e cun acento de compunción intraducible:

—Da Academia francesa.

E desapareceu.

## VÉNDESE CASA

Riba da porta, unha porta de madeira mal axustada que deixaba mesturarse nun grande espazo a area do pequeno xardín coa terra da estrada, levaba moito tempo pendurado un cartel, inmóbil ao sol do verán, atormentado, sacudido polo vento do outono: «Véndese casa», e aquilo parecía dicir tamén casa abandonada, tanto era o silencio que había derredor.

E, con todo, alí vivía alguén. Un débil fume azulado, subindo da cheminea de ladrillo que superaba un pouco o muro, traizoaba unha existencia agochada, discreta e triste coma o fume daquel lume de pobre. Logo, a través das follas bambeantes da porta, no canto do abandono, do baleiro, desa desorde que precede e anuncia unha venda ou unha marcha, víanse avenidas ben aliñadas, glorietas ben redondeadas, as regadeiras preto do estanque e trebellos de xardinaxe apoiados no caseito. Non era máis ca unha casa de campo, equilibrada sobre ese xardín en pendente por unha pequena escaleira, que colocaba o lado da sombra no primeiro andar e o do mediodía na planta baixa. Por ese lado diríase un

invernadoiro. Había campás de cristal amoreadas sobre os banzos, testos para flores baleiros, envorcados, outros ben colocados con xeranios, verbenas sobre a area quente e branca. Polo resto, á parte de dous ou tres grandes plátanos, o xardín estaba todo á raxeira. Árbores froiteiras en abano, sobre arames ou ben en espaleira, estendíanse a plena luz, un pouco esfoladas, plantadas alí soamente pola froita. Tamén había plantas de amordos, chícharos de gran ramallada, e no medio de todo aquilo, naquela orde e naquela calma, un vello con sombreiro de palla que circulaba todo o día polas avenidas, regaba pola fresca, cortaba, podaba as ramas e os lindeiros.

Aquel vello non coñecía a ninguén no país. Quitado o coche do panadeiro que paraba en todas as portas da única rúa da aldea, nunca tiña visitas. Por veces, alguén que pasaba á busca dun deses terreos no medio da aba, que son todos moi fértiles e fan maravillosos hortos, paraba para chamar ao ver o cartel. Ao primeiro, a casa permanecía xorda; á segunda chamada, un ruído de zocos achegábase paseniño desde o fondo do xardín e o vello entreabría a porta con aire furioso:

—Que quere vostede?

—Véndese a casa?

—Si, si... —respondía o homiño con esforzo—. Está á venda, pero xa lle aviso que pedimos moito...

E a súa man, lista para volvela cerrar, atrancaba a porta. Os seus ollos poñíano fóra, tanta era a cólera que amosaban, e el seguía alí, gardando como un dragón os

seus macizos de legumes e o seu pequeno horto de area. Daquela a xente seguía o seu camiño, preguntándose con que maníaco trataran e que tolemia era aquela de poñer a súa casa en venda cando desexaba tanto conservala.

Explicáronme aquel misterio. Un día, pasando por diante da casiña en venda, escoitei voces animadas, o ruído dunha discusión.

—Hai que vender, papá... Prometéunolo...

E a voz do vello toda tremente:

—Pero, meus fillos, que máis queredía eu que vendela? A ver! Non vedes que puxen o cartel?

E así foi como souben que eran os seus fillos e os seus xenros, pequenos tendeiros parisienses, os que o obrigaban a desfacerse daquel recanto tan querido. Por que razón? Ignóroo. O que hai de certo é que eles comezaban a decatarse de que a cousa se atrasaba moito, e a partir daquel día viñeron con regularidade todos os domingos para acosar o desgraciado, para obrigalo a cumprir a súa promesa. Desde a estrada, naquel gran silencio do domingo no que a mesma terra toma un descanso despois de ser labrada e sementada toda a semana, escoitaba aquilo perfectamente. Os tendeiros falaban, discutían entre eles xogando á ra, e a palabra cartos soaba seca naquelas voces agres como os peletres cos que tiraban. Polo serán todo o mundo marchaba, e despois de dar o homiño algúns pasos pola estrada para acompañalos, volvía para a casa lixeiro e pechaba todo feliz a súa grosa porta, pois quedáballe unha semana de repouso por diante. Durante oito días, a casa volvíase silenciosa.

No pequeno xardín queimado polo sol, non se escoitaba nada máis que a area esmagada cun paso pesado, ou arrastrada co angazo.

De semana en semana, con todo, o vello estaba cada vez máis abafado, máis atormentado. Os tendeiros empregaban todos os medios. Levábanlle os netos para seducilo:

—Mira, avó, cando se venda a casa, virás vivir con-nosco. Seremos tan felices todos xuntos!

E facíanse apartes en todos os recantos, paseos sen fin a través das avenidas, cálculos feitos en voz alta. Unha vez escoitei a unha das rapazas que berraba:

—A casoupa non vale un can... Tan só é boa para a derrubar.

O vello escoitaba sen ren dicir, falaban del coma se xa estivese morto, da súa casa coma se xa a tirasen. El marchaba todo engruñado, con bágoas nos ollos, buscando por costume unha rama para podar, unha froita para coidar de paso; e sentía a súa vida tan enraizada naquel pequeno recanto de terra que non tería forza para arrincarse de alí. En efecto, por moito que lle dixesen, adiaba sempre o momento da partida. No verán, cando madurecía aquela froita un pouco aceda que cheira ao verdor do ano, as cereixas, as grosellas, a grosella negra, dicía:

—Agardemos a colleita... Venderei inmediatamente despois.

Pero feita a apanña, pasadas as cereixas, viña a vez dos melocotóns, logo a das uvas, e despois da das uvas

a deses fermosos nésperos pardos que se collen case baixo a neve. Daquela chegaba o inverno. O campo estaba escuro, o xardín baleiro. Nin pasaba xente, nin compradores. Nin sequera viñan os tendeiros os domingos. Tres longos meses de repouso para preparar as sementes e podar as árbores froiteiras, mentres que o cartel inútil abaneaba sobre a estrada revirado pola choiva e o vento.

Á longa, impacientes e persuadidos de que o vello facía todo o posible por afastar os compradores, os fillos tomaron unha decisión transcendental. Unha das noras veu instalarse na casa, unha mulleriña tendeira, enfeitada desde a mañá, e que tiña ese aspecto afable, falsamente doce, esa amabilidade obsequiosa da xente afeita ao comercio. A estrada parecía pertencerlle. Abría a porta de par en par, falaba alto, sorríalle á xente que pasaba como para dicir:

—Entren... Vexan... A casa está en venda!

Non lle deixaban tregua ao pobre vello. Por veces, para tentar esquecer que ela estaba alí, sachaba os seus macizos, volvía sementalos, como esa xente que está preto da morte e á que lle gusta facer proxectos para enganar os seus temores. A tendeira seguía e atormentábao todo o tempo:

—Bah, pero para que? Como pasa tanto traballo para os demais?

El non lle respondía e consagrábase ao seu traballo cunha teimosía singular. Deixar o seu xardín abandonado sería perdelo xa un pouco, comezar a afastarse del.



As alamedas non tiñan nin migalla de herba; ningún chupón nas roseiras.

E mentres agardaban, os compradores non se presentaban. Eran tempos de guerra e por moito que a muller tivese a porta aberta, botase miradas cariñosas á estrada, unicamente pasaba xente que abandonaba as súas casas e non entraba máis que po. De día en día a dama volvíase máis agre. Os seus negocios de París reclamában. Eu oía como agoniaba o seu sogro con reproches, facíalle verdadeiras escenas, batía nas portas. O vello curvaba as costas sen dicir nada e consolábase mirando como medraban os seus chícharos e o cartel, sempre no mesmo lugar: «Véndese casa».

Aquel ano, ao chegar ao campo atopei a casa; pero, mágoa!, o cartel xa non estaba alí. Carteis rotos, balo-recidos, penduraban aínda ao longo dos muros. Aquilo rematara; vendéranas! No lugar do gran portal gris unha porta verde, acabada de pintar, cun frontón redondeado, abríase por un pequeno van enreixado que deixaba ver o xardín. Non era o verxel de antano, senón unha marfallada burguesa de cestas, de céspedes, de cascadas, todo reflectido nunha gran bóla de metal que se abalaba diante da escalinata. Naquela bóla, as alamedas formaban cordóns de flores vistosas e dúas anchas figuras estaban deitadas esaxeradas: un home groso vermello, suando a mares, metido nunha cadeira rústica, e unha enorme dama arquexante, que brandindo unha regadeira berraba:

—Puxen catorce nas balsaminas!

Construíran un piso, renovaran os cerrumes e naquel pequeno recanto refeito de novo, cheirando aínda a pintura, un piano soaba con forza contradanzas coñecidas e polcas de bailes públicos. Aqueles aires de danza que caían na estrada e daban calor ao escoitalos, mesturados coa gran poeira de xullo, aquel escándalo de grosas flores, de grosas mulleres, aquela ledicia desbordante e trivial encollíame o corazón. Pensaba no pobre vello que paseaba por aquí tan feliz e tranquilo. E imaxinábao en París, co seu chapeu de palla, as súas costas de vello xardineiro, errando no fondo da traseira dunha tenda, aburrido, tímido, cheo de bágoas, mentres que a súa nora triunfaba nun mostrador novo, onde soaban os escudos da casiña.



## FESTA DE NOITEVELLA NO MARAIS

O señor Maxestade, fabricante de auga carbonatada no Marais, acaba de asistir a unha pequena festa na casa duns amigos da Place Royal e volve á súa vivenda cantaruxando... Dan as dúas no reloxo de Saint Paul. «Que tarde é!», pensa o homiño e apresúrase, pero os lastros esvaran, as calellas son escuras e, para máis, naquel diabólico barrio vello que data dos tempos nos que os coches eran raros, hai moitas revoltas, pequenos recantos, moitos marcos diante das portas que usaban os xinetes. Todo aquilo impide ir ás présas, sobre todo cando se teñen xa as pernas algo pesadas e os ollos chispean polos brindes da festa... Por fin, o señor Maxestade chega á súa casa. Detense perante un gran portal adornado onde brilla, co luar, un escudo acabado de dourar de antigas armas pintadas de novo que el converteu na súa marca de fábrica:

Antiga mansión de Nesmond  
Maxestade Fillo  
Fabricante de auga carbonatada

En todos os sifóns da fábrica, nos albarás, nos encabezamentos das cartas poden verse tamén resplandecentes as antigas armas dos Nesmond.

Tras o portal está o patio, un amplo patio aireado e claro que durante o día, ao abrirse, dá luz a toda a rúa. No fondo do patio unha gran construción moi antiga, negros murosafiligranados, traballados, redondados balcóns de ferro, balcóns con pilastras de pedra, inmensas ventás moi altas, coroadas de frontóns, de capiteis que se levantan nos últimos pisos como outros tantos pequenos teitos no propio teito, e por fin, enriba de todo, entre as lousas as lumieiras das bufardas, redondas, coquetas, enmarcadas de grilandas, coma se fosen espellos. Ademais, unha grande escalinata de pedra, comida e verdella por cousa da choiva, unha magra parra que agancha polas paredes, tan negra, tan retorta como a corda que se balancea alá arriba, na polea do alboio; un grande aspecto vedraño e triste... É a antiga mansión de Nesmond.

En pleno día, o aspecto da mansión non é o mesmo. As palabras: «Caixa», «Almacén», «Entrada aos talleres» reloce n douradas por todas partes sobre os vellos muros, facéndoos revivir, rexuvenecéndoos. Os camións dos ferrocarrís estremecen o portal; os empregados avanzan até a escalinata, coa pluma na orella para recibir as mercadorías. O patio está cheo de caixas, de cestos, de palla, de tea para embalar. Un séntese ben nunha fábrica... Pero coa noite, co gran silencio, con esta lúa de inverno que, no labirinto dos complicados teitos, proxecta

e entrelaza sombras, a antiga mansión dos Nesmond recupera a súa señorial galanura. Os balcóns son de encaixe; o patio de honra faise meirande e a vella escaleira, iluminada por desiguais luces, ten recantos catedralicios, con baleiras fornelas e banzos perdidos que parecen altares.

Sobre todo esta noite, o señor Maxestade encontra que a súa mansión ten un aspecto singularmente grandioso. Ao cruzar o patio deserto, o ruído dos seus pasos impresiónao. A escaleira parécelle inmensa e ben pesada de subir. Sen dúbida, é a festa... Chegado ao primeiro piso, detense para recuperar o alento e achégase a unha ventá. Que cousa vivir nunha casa histórica! O señor Maxestade non é un poeta, Oh, non! E non obstante, ao mirar aquel fermoso patio aristocrático polo que a lúa estende unha capa de luz azul, ese vello edificio de gran señor que semella descansar cos seus teitos adurmiñados baixo o seu capuchón de neve, ocórrenselle ideas do outro mundo:

—Eh? Mira que se os Nesmond regresasen...

E nese momento soa un forte toque de campaiña. Ábrese o portal de par en par, con tanta rapidez, con tanta brusquidade que o reverbero se apaga, e durante algúns minutos prodúcese abaixo, á sombra da porta, un confuso ruído de rozamentos, de murmurios. Disputan, apuran para entrar. Velaí criados, moitos criados, carrozas de cristal refulxen ao claro de lúa, as selas de man balancéanse entre dous fachos que se avivan pola corrente de aire do portal. Nun dicir amén, o patio

está ateigado. Pero ao pé da escalinata a confusión cesa. Hai xente que baixa dos coches, que se saúda e entra parolando coma se coñecese a casa. Escóitase alí, nesa escalinata, un frufurú de seda, un choque de espadas. Só cabeleiras brancas, que o po fai máis pesadas e opacas; só febles voces cristalinas, algo temorasas, risiñas sen timbre, pasos lixeiros. Toda esa xente ten aspecto de ser vella, moi vella. Son ollos sen fulgor, xoias adormecidas, antigos brocados, suavizados por matices cambiantes que a luz dos fachos fai brillar con doce esplendor; e sobre todo aquilo flutúa unha pequena nube de po que sobe dos cabelos levantados, enrolados en bucles, a cada unha das fermosas reverencias, algo forzadas a causa das espadas e dos grandes cestos... Axiña toda a casa semella enmeigada. Os fachos refulxen de ventá en ventá, soben e baixan polos xiros das escaleiras, mesmo as lumieiras das bufardas teñen a súa chispa de festa e de vida. Toda a mansión dos Nesmond se ilumina coma se un enorme sol crepuscular acendese os seus cristais.

«Ah, meu Deus! Vanlle plantar lume...», cisma o señor Maxestade. E, recuperado do seu estupor, tenta sacudir a torpeza das súas pernas e baixa á carreira ao patio onde os lacaios acaban de acender un gran lume claro. O señor Maxestade achégase, fálalles. Os lacaios non lle contestan e seguen falando en voz baixa entre eles, sen que escape o máis mínimo vapor dos seus beizos na glacial escuridade da noite. O señor Maxestade non está contento; non obstante, algo o tranquiliza: ese lume de tan altas e rectas chamas é un lume singular,

unha chama sen calor, que brilla e non queima. Tranquilizado por este lado, o homiño atravesa a escalinata e entra nos seus almacéns.

Estes almacéns da planta baixa deberon de ser, antano, fermosos salóns de recepción. Anacos de ouro estragado brillan aínda en todas as esquinas. Pinturas mitolóxicas xiran no teito, rodean os espellos, flotan por riba das portas nas súas tinguaduras difusas, algo descoloridas, como o recordo dos anos pasados. Por desgraza, xa non hai cortinas, xa non hai mobles. Só papeis, enormes caixas cheas de sifóns con cabeza de estaño e aspólas resecas dunha vella lila, que soben, completamente negras, por detrás dos cristais. Cando entra, o señor Maxestade encontra o seu almacén cheo de luz e de xente. Saúda, pero ninguén lle presta atención. As mulleres dos brazos dos seus cabaleiros seguen facendo mexericadas cerimoniosamente baixo as súas pelizas de satén. Pasean, parolan, dispérsanse. Realmente todos eses vellos marqueses parecen estar na súa casa. Fronte a un entrepano pintado detense unha pequena sombra que treme: «E dicir que son eu e que estou aí!», e mira sorrindo unha Diana que se ergue na madeira, delgada e rosa, cunha media lúa na fronte.

—Nesmond, ven ver as túas armas!

E todo o mundo ri mirando o brasón dos Nesmond que figura nunha tea de embalaxe, co nome de Maxestade debaixo.

—Ha, ha, ha! Maxestade! Pero aínda quedan Maxestades en Francia?



E son bromas sen fin, risadas que parecen sons de fruta, dedos no aire, bocas que fan mofas...

De súpeto, alguén berra:

—Champaña, champaña!

—Non!

—Si! Si, é champaña... Veña, condesa, axiña, fagamos unha pequena festa.

É auga carbónica do señor Maxestade que tomaron por champaña. Atópano un algo pasado de máis; pero, bah!, de todos os xeitos bébeno e como aquelas pobres e mínimas sombras non teñen a cabeza moi sólida, pouco e pouco esa espuma de auga carbónica ánimaos, excítaos, dálles ganas de bailar. Organízanse minuetos. Catro finos violíns que Nesmond mandou vir, inician unha melodía de Rameau, chea de tresillos, miúda e melancólica na súa vivacidade. Había que ver aquelas fermosas vellas xirar amodo, saudar ao compás con aire grave. Os adornos parecen remocicados e, tamén, os chalecos dourados, os vestidos de brocado, os zapatos con broches de diamante. As propias paredes parecen revivir ao escoitaren esas antigas melodías. O vello espello, encerrado na parede desde hai douscentos anos, tamén as reconece e, cheo de rabuñaduras, cos ángulos ennegrecidos, acéndese suavemente e devolve aos bailaríns a súa imaxe algo borrosa, como entenrecida por unha nostalxia. No medio de todas esas elegancias o señor Maxestade séntese molesto. Acochouse tras unha caixa e mira...

Pouco e pouco, non obstante, chega o día. Polas portas de cristal do almacén vese albear o patio, logo a

parte alta das ventás e, por fin, todo un lado do salón. A medida que chega a luz, as figuras bórranse, confúndense. Axiña o señor Maxestade só ve nun recanto dous pequenos violíns atrasados que a luz evapora ao tocalos. No patio distingue aínda, pero moi vagamente, a forma dunha cadeira de man, unha cabeza empoeirada zarriscada de esmeraldas, as últimas faíscas dun facho que os criados guindaron sobre os lastros e que se mesturan coa charamusca das rodas dun coche de transporte que entra, con grande estrondo, polo portal aberto...



## MORREU O PAPA

Pasei a miña infancia nunha gran cidade de provincia dividida en dúas por un río moi atacado, moi axitado, onde axiña lles collín o gusto ás viaxes e á paixón pola vida na auga. Existe sobre todo un recanto do peirao, preto de certa pasarela Saint-Vincent, no que non penso nunca sen emoción, mesmo aínda hoxe. Volvo mirar o cartel cravado no extremo dun pau: «Cornet, barcos de aluguer»; a pequena escada que se metía na auga, completamente esvaradía e denegrada por estar mollada; a frota de lanchiñas acabadas de pintar con cores vivas que se apiñaban debaixo da escada, abalándose docemente bordo contra bordo, como alixeiradas polos fermosos nomes que levaban na popa en letras brancas: *O paxaro-mosca, A andoriña.*

Despois, entre os longos remos relucentes de cerusa que secaban contra o ribazo, o tío Cornet andando co seu bote de pintura, os seus grandes pinceis, o seu rostro curtido, agretado, engurrado, con pequenas coviñas, coma o río nun serán de vento fresco... Oh, aquel tío Cornet! Foi o Satán da miña infancia, a miña paixón

dolorosa, o meu pecado, os meus remorsos. Fíxome cometer crimes coas súas lanchas! Eu lataba á escola, vendía os meus libros... Que non vendería eu por unha tarde a pasear na barca!

Todos os meus cadernos de clase no fondo do bote, a chaqueta embaixo, o sombreiro cara a atrás e nos cabelos as refoladas da brisa da auga, tiraba firmemente polos remos, pregando o cello para acomodarme ben ao aspecto dun lobo de mar. Mentres estaba na vila, ía polo medio do río, á mesma distancia das dúas ribeiras, onde o vello lobo de mar podería ser recoñecido. Que triunfo mesturarme naquel gran movemento de barcos, de balsas, de troncos de madeira, de vapores que marchaban acaroados, que se evitaban, separados unicamente por un delgado reberete de espuma! Había barcos pesados que xiraban para coller a corrente e aquela manobra desprazaba moitos outros.

De súpeto, as rodas dun vapor batían a auga preto de min; ou ben unha sombra pesada chegábame por detrás: era a proa dun barco de mazás.

—Pon tino, mosca pequena! —berrábame unha voz rouca.

E eu suaba, debatíame, enguedellado co bambeo daquela vida do río que a vida da rúa atravesaba arreo por todas aquelas pontes, todas aquelas pasarelas cuxos ómnibus se reflectían na pa dos remos. E corrente tan forte na punta dos arcos, e os remuíños, os sorbedoiros, o famoso buraco da *Morte que engana!* Pensade que non é pouca cousa gobernarse por alí para os brazos

dunha persoa de doce anos e sen ninguén que leve o temón.

Por veces cadrábame a sorte de atopar a *cadea*. Enganchábame axiña no extremo dun deses longos trens de barcos que remolcaba e, cos remos inmóbiles, estendidos como ás que pairan, deixábame ir a aquela velocidade silenciosa que cortaba o río en longas fitas de espuma e facía voar dos dous lados as árbores e as casas do peirao. Diante miña, lonxe, moi lonxe, escoitaba o triquetraque monótono da hélice, un can que ladraba nos barcos do remolque, de onde subía un pequeno fío de fume dunha cheminea baixa; e todo aquilo producíame a ilusión dunha gran viaxe, da verdadeira vida a bordo.

Ende mal, aqueles encontros da *cadea* rareaban. Decote cumpría remar e remar ás horas de sol. Oh, o sol do mediodía caendo en picado sobre o río! Aínda me parece que me queima. Todo ardía, todo coruscaba. Naquela atmosfera cegadora e sonora que flota por riba das ondas e vibra en todos os movementos, os curtos mergullos dos meus remos e as sirgas que saían chorreando da auga, facían pasar vivas luces de prata puída. E eu remaba cerrando os ollos. Por momentos, co vigor dos meus esforzos, co pulo da auga debaixo da miña barca, figurábame que ía moi rápido; pero ao erguer a cabeza vía sempre a mesma árbore, o mesmo muro fronte miña na ribeira.

Por fin, a forza de fatiga, todo suorento e rubio de calor, daba saído da cidade. O barullo dos baños fríos, dos barcos de lavadeiras, dos pontigos de embarque,

diminuía. As pontes espazábanse na ribeira ensanchada. Reflectíanse cadora e cando algúns xardíns dos arrabaldes, a cheminea dunha fábrica. No horizonte tremían illas verdes. Daquela, cando xa non podía máis, abeirábame contra a ribeira no medio de canas zoadoras; e alí, atordado polo sol, a fatiga, aquela calor pesada que subía da auga estrelada de anchas flores amarelas, o vello lobo de mar poñíase a sangrar polo nariz durante horas. As miñas viaxes nunca tiñan un desenlace distinto. Pero, que lle quere? Eu atopaba aquilo delicioso.

O terrible, así e todo, era o regreso. Por máis que quixese volver remando forte, sempre chegaba tarde de máis, moito tempo despois da saída das clases. A impresión do día que cae, os primeiros farois de gas entre a brétema, a volta á casa, todo aumentaba as miñas inquiredanzas, os meus remorsos. Dábame envexa a xente que pasaba tranquilamente de volta para as súas casas; e eu corría, coa cabeza pesada chea de sol e de auga, co zunido das cunchas no fondo dos oídos, e xa no meu rostro o vermello da mentira que ía dicir.

Pois cumpríame unha de cada vez para facer fronte a aquel terrible «De onde é que ves destas horas?», que agardaba por min a través da porta. Era ese interrogatorio da chegada o que me espantaba máis. Tiña que responder alí, no relanzo, co pé levantado; tiña que ter sempre unha historia preparada, algo que dicir moi estraño e moi asombroso para que a sorpresa cortase de vez todas as preguntas. Aquilo dábame tempo a entrar, a recuperar alento, e para logralo nada me coutaba.

Inventaba sinistros, revolucións, cousas terribles, todo un lado da vila que ardía, a ponte do camiño de ferro derrubándose sobre o río. Pero aínda se me ocorreu algo aínda máis forte que vou contar a seguir.

Aquel serán cheguei con moito atraso. A miña nai agardaba por min desde había unha hora ben cumprida, e espreitaba, de pé, no alto da escaleira.

—De onde ves? —berroume.

Dicídeme que falcatruadas se lle poden vir á cabeza a un neno. Non atopara nada, non levaba nada preparado. Viñera correndo demasiado... De súpeto ocorrúseme unha idea tola. Eu sabía que a querida muller era moi piadosa, católica rabiosa coma una romana, e respondinlle en todo o arquexo dunha grande emoción:

—Oh, mamá! Se soubeses!

—Que pasou, logo? Que é o que pasa agora?

—Morreu o Papa!

—Morreu o Papa! —dixo a miña pobre nai.

E apoiouse absolutamente pálida contra a parede. Eu entrei lixeiro, un pouco asustado polo meu éxito e a enormidade da mentira; non obstante, tiven o valor de mantela até o final. Lémbrome dun serán fúnebre e doce; o meu pai moi serio, a miña nai aterrorizada... Bisbábase arredor da mesa. Eu baixaba os ollos, pero a miña escapada perdérase tan ben na desolación xeral que ninguén pensaba xa naquilo.

Cadaquén porfiaba en citar algún trazo de virtude daquel pobre Pío IX; logo, pouco a pouco, a conversa perdíase a través da historia dos papas. A tía Rosa



falou de Pío VII, do que lembraba perfectamente velo pasar no Midi, no fondo dunha cadeira de posta, entre xendarmes. Lembrouse a famosa escena co emperador. *Comediante! Traxediante!* Sería ben a gusto a centésima vez que escoitaba contar aquela terrible escena, sempre coas mesmas entoacións, os mesmos acenos e aquel estereotipo das tradicións familiares que se legan e que permanecen alí inxenuas e locais, coma historias de convento.

Tanto tiña, nunca tan interesante me parecera.

Escoitábaa con salaios hipócritas, preguntas, un aire de falso interese, e todo o tempo matinaba: «Mañá pola mañá, cando se decaten de que o Papa non morreu, poñeranse tan contentos que ninguén terá o valor de berrarme».

Mentres pensaba niso, os meus ollos cerrábanse ao meu pesar e tiña visións de barquiños pintados de azul, con anacos de Saône pesados pola calor e grandes patas de arañas acuáticas correndo en todos os sentidos e raiando a auga vidrosa coma puntas de diamante.

## AS EMOCIÓN S DUN PERDIGÓN COLORADO

Xa sabedes que os perdigóns andan en bandadas e aninñan xuntos nos ocos dos sucos para levantar o voo á menor alerta, espallándose polo aire coma un puñado de grans que un sementa. A nosa compañia é leda e numerosa, está establecida na chaira na beira dun gran bosque, polo que temos comida e bos abrigos a ambos os lados. Así que, des que souben correr, ben emplumado e ben mantido, sentíame moi contento de vivir. Non obstante, había algo que me inquietaba un pouco: era aquela famosa apertura da veda da que as nosas nais comezaban a falar moi baixiño entre elas. Un vello da nosa tropa sempre me dicía sobre iso:

—Non teñas medo, Rubio —chámanme Rubio por cousa do meu peteiro e as miñas patas da cor dos peros—. Levareite comigo o día que se abra a veda e verás como non che pasa nada.

É un vello macho moi listo e aínda alerta, malia levar a ferradura xa marcada no peito e algunhas plumas brancas espalladas polo corpo. De moi novo recibiu unha peza de chumbo na á e como iso o volveu un pouco

pesado, mira dúas veces antes de botarse a voar, toma o seu tempo e vai saíndo adiante. Tenme levado moitas veces canda el até a entrada da fraga. Alí hai unha singular casiña, agochada entre os castiñeiros, muda coma unha tobeira baleira e sempre pechada.

—Mira ben para esa casa, pequeno —díciame o vello—. Cando vexas saír fume do tellado, e a soleira e as contras estean abertas, será mala cousa para nós.

E eu fiábame del, ben sabedor de que non nacera onte.

En efecto, a outra mañá, ao romper o día, escoito que me chamaban moi baixiño no suco...

—Rubio! Rubio!

Era o meu vello macho. Tiña uns ollos en verdade extraordinarios.

—Vente lixeiro e fai coma min —díxome.

Seguino medio adormecido, coándome por entre os terróns, sen voar, case sen saltar, coma un rato. Iamos cara ao lado da fraga; e, ao pasar, vin que había fume na cheminea da casiña, claridade nas fiestras e diante da porta aberta uns cazadores moi ben equipados, rodeados de cans que saltaban. Cando nós pasabamos, un dos cazadores berrou:

—Esta mañá faremos a chaira e xa iremos á fraga despois do xantar.

Daquela entendín por que o meu vello compañeiro decidira primeiro de todo ir ao monte alto. Así e todo, acelerábaseme o corazón, sobre todo cando pensaba nos meus pobres amigos.

De súpeto, no momento de chegarmos ao lindeiro, os cans puxéronse a galopar cara ao noso lado...

—Pégate ao chan! Pégate ao chan! —ordenoume o vello abaixándose.

Ao mesmo tempo, a dez pasos, un paspallás asustado abriu as ás e o seu pico de par en par e botou a voar cun berro de medo. Oín un ruído formidable e quedamos rodeados por un po que cheiraba de modo estraño, completamente branco e quente, aínda que o sol apenas se levantara. Apañara tanto medo que non podía correr. Por sorte, entrabamos na fraga. O meu camarada agachouse detrás dun carballiño, fun colocarme cabo del e permanecemos alí agachados, a mirar entre as follas.

Nos campos oíase un terrible tiroteo. A cada disparo, cerraba os ollos, completamente aloulado; despois, cando me decidía a abrilos, vía a chaira grande e núa, os cans a correr, a fozar nos chiscos de herba, nas gavelas, virando en derredor coma tolos. Detrás deles os cazadores xuraban e chamábanos; as escopetas brillaban ao sol. Por un momento, nunha pequena nube de fume pareceume ver como voaban follas espalladas, aínda que non había ningunha árbore arredor. Pero o meu vello macho díxome que se trataba de plumas; e, en efecto, a cen pasos diante nosa, unha soberbia perdiz gris caía no suco e quedaba coa cabeza colgando e sangrando.

Cando o sol estivo moi quente, moi alto, os disparos pararon de socato. Os cazadores volvían para a casiña onde se escoitaba faiscar un gran lume de bacelos. Falaban entre eles, coa escopeta ao lombo, discutían sobre os

tiros, mentres que os seus cans viñan detrás, esgotados, coa lingua colgándolles.

—Van xantar —díxome o meu compañeiro—. Fagamos coma eles.

E entramos nun campo de trigo mouro que está moi preto do souto, un gran campo branco e negro, en flor e con gran, que cheiraba a améndoas. Peteiraban tamén por alí uns fermosos faisáns de plumaxe douradiña, baixando as cristas vermellas por medo a que os visen. Ah! Estaban menos orgullosos ca decote. Mentres comían, pedíronnos novas e preguntaban se caera algún deles. Durante aquel tempo, o xantar dos cazadores, ao primeiro silencioso, volvíase cada vez máis barulleiro; oïamos como chocaban os vasos e como saltaban os tapóns das botellas. O vello decidiu que era o momento de volver ao noso abrigo.

A aquela hora diríase que o souto durmía. A charca á cal van beber os pequenos corzos non estaba turbada por ningunha lambedela. Nin o fociño dun coello nos tomiños da coelleira. Só se sentía un tremor misterioso, coma se cada folla, cada herba abrigase unha vida ameazada. Os animais do souto teñen moitos agochos: tobos, matos, feixes de leña, maleza e despois os foxos, eses pequenos foxos de bosque que gardan a auga longo tempo despois de chover. Confeso que me gustaría estar agachado no fondo dun deses buracos, pero o meu compañeiro prefería permanecer ao descuberto, manter distancia, ver de lonxe e cheirar o aire libre diante del. E foi ben, pois os cazadores chegaban ao souto.

Oh! Nunca esquecerei aquel primeiro disparo no bosque, aquel disparo que furaba as follas coma a pedra de abril e marcaba as cortizas. Un coello fuxiu a escape a través do camiño arrincando matas de herba coas súas poutas tendidas. Un esquío arrolou dun castiñeiro facendo caer as castañas aínda verdes. Houbo dous ou tres voos pesados de grosos faisáns e un tumulto nas pólas baixas, as follas secas, ao vento daquel disparo que axitou, espertou, asustou todo o que vivía no souto. Uns ratos coábanse no fondo dos seus tobos. Unha vacaloura, saída do buraco da árbore contra a cal nós estabamos pegados, xiraba os seus grosos ollos salvaxes, atónitos de terror. E logo unhas libélulas azuis, uns abellóns, unhas bolboretas, pobres animalíños espantados por todos os lados... Mesmo un pequeno saltón de ás escarlatas que se veu pousar preto do meu peteiro, aínda que eu mesmo estaba espavorecido de máis para aproveitarme do seu medo.

O vello, pola súa parte, seguía igual de calmado. Moi atento aos ladridos e aos disparos, cando se achegaban facíame sinal e nós iamos un pouco máis lonxe, fóra do alcance dos cans e ben agochados pola follaxe. Así e todo, unha vez crin que estabamos perdidos. A avenida que tiñamos que atravesar estaba gardada de cada extremo por un cazador emboscado. Por un lado, un bo mozo alto con patillas negras que facía soar toda unha ferralla con cada un dos seus movementos: coitelo de caza, cartucheira, caixa de pólvora, sen contar unhas altas polainas suxeitas con fibelas que lle chegaban aos

xeonllos e que o facían máis alto aínda; no outro extremo, un velliño apoiado contra unha árbore, fumaba tranquilamente a súa pipa, chiscando os ollos coma se quixese durmir. Ese non me puña medo; pero aquel alto de alá abaixo...

—Non entendes nada, Rubio... —díxome o meu compañeiro rindo. E sen medo, coas ás completamente estendidas voou case entre as pernas do terrible cazador das patillas.

E o feito é que o pobre home estaba tan enguedellado con todo o seu equipamento de caza, tan ocupado en admirarse de arriba a abaixo, que cando botou a escopeta ao ombreiro nós estabamos xa lonxe do seu alcance. Ah! Se os cazadores soubesen, cando se cren sós nun recanto do bosque, cantos olliños fixos os espreitan desde as matas, cantos peteiros aguzados agochan a risa ante a súa torpeza!

Nós avanzabamos, seguíamos avanzando. Como non tiña nada mellor que facer que seguir o meu vello compañeiro, as miñas ás batían ao vento das súas para repregárense inmóbiles tan axiña como el se pousaba. Aínda teño nos ollos todos os lugares polos que pasamos: o couto rosa das torgueiras, cheo de tobos ao pé das árbores marelas, con esa gran cortina de carballos onde me parecía ver a morte agachada por todos lados, a pequena avenida verde onde miña nai Perdix paseara tantas veces a súa rolada ao sol de maio, onde nós saltabamos mentres picabamos as formigas vermellas que nos subían ás patas, onde atopabamos pequenos faisáns

fachendosos, pesados coma polos e que non querían xogar connosco.

Eu vin a miña pequena avenida coma nun soño, no momento en que unha cervaa a atravesaba alta sobre as súas patas miúdas, cos ollos cheos de aglaio e lista para saltar. Despois a charca a onde imos en rolada de quince ou trinta, todos do mesmo voo, levantado da chaira nun minuto para beber auga da fonte e batuxarnos con pingas que rodan sobre a capa lustrosa das plumas... No medio daquela charca había un grupo moi espeso de ameneiros e nese illote refuxiábamonos. Precisarían ter os cans un olfacto moi fino para vir dar alí con nós. Estabamos naquel lugar desde había un pedazo, cando chegou un corzo arrastrándose sobre tres patas e deixando tras súa unha traza vermella sobre a carriza. Era tan triste de ver que eu agachei a cabeza debaixo das follas; pero oía como o ferido bebía na charca bafexando, ardendo coa febre...

Morría o día. Os disparos de escopeta afastábanse, volvíanse máis raros. Despois todo se apagou... Rematará. Daquela volvemos moi amodo até a chaira, para buscar novas dos nosos compañeiros. Ao pasar por diante da casiña de madeira, vin algo espantoso.

No bordo dun foxo, as lebres de pelo vermello, os coelliños grises de cola branca, xacían uns a carón dos outros. As súas patas estaban xuntas pola morte e semellaban pedir graza, uns ollos velados que semellaban chorar; despois perdices vermellas, perdigóns grises que tiñan a ferradura como o meu compañeiro e novos deste



ano que tiñan aínda coma min penuxe debaixo das plumas. Coñecedes algo máis triste que un paxaro morto? Son algo tan vivo as ás! Ao velas repregadas e frías, producían arrepiós... Un gran corzo soberbio e calmo semellaba durmido, a súa pequena lingua rosa saíalle da boca como para seguir lambendo.

E os cazadores estaban alí, inclinados sobre aquela carnizaría, contando e metendo nas súas saquetas as patas sangrantes, as ás esgazadas sen respecto por todas aquelas feridas frescas. Os cans atados para o camiño, pregaban aínda os seus belfos listos, coma se se aprestasen a lanzarse de novo ao monte baixo.

Oh, como maldicía, canto detestaba a toda aquela tropa de homes e animais mentres o sol enorme se deitaba alá abaixo e todos eles marchaban, esgotados, alongando as súas sombras sobre os terróns e os vieiros húmidos pola rosada do serán! Nin o meu compañeiro nin eu tiñamos a coraxe de lanzar coma decote unha pequena nota de adeus naquel día que remataba.

No noso camiño atopabamos desgraciados animalíños abatidos por un perdigón perdido e que quedarán alí, abandonados ás formigas; ratiños co fociño cheo de po, pegas, andoriñas fulminadas no seu voo, deitadas sobre as costas e tendendo as súas patas tesas cara á noite que descendía axiña como fai no outono, clara e mollada. Pero o máis lamentable de todo, era escoitar no límite do bosque, na beira do prado, e alá abaixo no vimieiro da ribeira, as chamadas ansiosas, tristes, espalladas, ás cales ninguén respondía.

## O ESPELLO

Ao norte, á beira do Niemen, chegou unha pequena crioula de quince anos, branca e rosada coma unha flor de amendoeira. Vén do país dos colibrís, traída polo vento do amor. Os da súa illa dicíanlle:

—Non vaias, vai frío no continente... O inverno matate.

Pero a pequena crioula non cría no inverno e non coñecía o frío máis que por ter comido sorbetes; para máis, estaba namorada e non tiña medo de morrer... E agora velaí estaba desembarcando alá arriba nas brétemas do Niemen, cos seus abanos, a súa hamaca, os seus mosquiteiros e unha gaiola de reixas douradas chea de paxaros do seu país.

Cando o vello pai Norte viu chegar aquela flor das illas que o Mediodía lle enviaba nun raio, o seu corazón emocionouse e sentiu piedade; e como pensaba que o frío acabaría coa rapaza e cos seus colibrís nun dicir amén, acendeu decontado un gran sol amarelo e vestiuse de verán para recibilos... A crioula equivocárase; tomou aquela calor do Norte, brutal e pesada, por unha

calor duradeira e aquel eterno verdor negro por verdor de primavera, e pendurando a súa hamaca no fondo do parque, entre dous abetos, pasaba o día enteiro a balancearse.

—Pero se vai moita calor no Norte —dixo rindo e, con todo, algo inquieta.

Por que naquel estraño país as casas non tiñan galerías? A que viñan aqueles muros espesos, aquelas alfombras, aqueles pesados tapices? Para que estaban aquelas grosas estufas de louza e as grandes rimas de leña que se amoreaban nos corredores e aqueles coiros de raposos azuis e aqueles abrigos encartados e aqueles peellos que durmían no fondo dos armarios? Para que podía servir todo aquilo? Pobre pequena, axiña o ía saber.

Unha mañá, ao espertar, a criouliña sentiu como se apoderaba dela un gran tremor. O sol desapareceu e do ceo negro e baixo que semella achegarse á terra durante a noite, caeron os flocos dunha peluxe branca e silenciosa como baixo os algodoeiros. Velaí o inverno! Velaí o inverno! O vento asubía, as estufas resoan. Na súa enorme gaiola de trezado dourado, os colibrís xa non chirilan. As súas pequenas ás azuis, rosas, rubís, verde de mar, permanecen inmóbiles, e dá mágoa velos apertarse uns contra os outros, entorpecidos e engoumados polo frío cos seus bicos finos e os seus ollos de cabeza de alfinete. Alá abaixo, ao fondo do parque, a hamaca treme chea de xeadas, e os brancos abetos parecen cubertos de cristal fiado... A pequena crioula ten frío; xa non quere saír.

Aconchegada ao lume coma un daqueles paxaros, pasa o tempo a mirar a chama e loce o sol coas súas lembranzas. Na gran cheminea luminosa e ardente, volve ver todo o seu país: os amplos peiraos cheos de sol co azucre moreno das canas que brillan, e os grans de millo ondeando nunha poeira dourada; logo as sextas da tarde, as cortinas claras, as esteiras de palla, e as noites de estrelas, os bichiños de luz ardentes, e millóns de pequenas ás que zoan entre a flores e nas mallas de tule dos mosquiteiros.

E mentres soña así diante da chama, os días de inverno sucédense sempre máis curtos, sempre máis negros. Cada mañá hai que recoller un colibrí morto na gaiola; xa logo non quedan máis ca dous, dúas folerpas de plumas verdes que se encrespan un contra outro nun recanto.

Aquela mañá, a pequena crioula non puido erguerse. Como unha barca maonesa prisioneira nos xeos do Norte, o frío oprímea, parálizaa. Está escuro, o cuarto é triste. A xeada cubriu os cristais cunha espesa cortina de seda mate. A cidade parece morta e polas rúas silenciosas asubía lamentablemente a máquina quitaneves... No seu leito, para distraerse, a crioula fai brillar os abelorios do seu abano e pasa o tempo a mirarse nos espellos do seu país, todos adornados con grandes plumas indias.

Sempre máis curtos, sempre máis negros, decorren os días do inverno. Entre as cortinas de encaixe a pequena crioula languidece, está desolada. O que máis a

entristece é que desde o seu leito non pode ver o lume. Seméllalle que perdeu a súa patria por segunda vez... De vez en cando pregunta:

—Hai lume no cuarto?

—Pois si, pequena, haino. A cheminea está chea de chamas. Non escoitas como crepita a leña e como estralan as piñas?

—Oh, vaia, vaia!

Pero por moito que se inclina, a chama está moi lonxe dela; non pode vela e iso desespéaa. Así que unha noite está alí, pensativa e pálida, coa cabeza no bordo da almofada e os ollos sempre virados cara a aquela chama invisible. O seu amigo achégase a ela, colle un dos espellos que están riba da cama e pregunta:

—Queres ver o lume, boneca? Pois ben, agarda...

E axeonllándose perante a cheminea, tenta enviarlle co seu espello o reflexo da chama máxica.

—Podes velo?

—Non, non vexo nada!

—E agora?

—Non, aínda non...

Despois, de súpeto, ao recibir en pleno rostro un chorro de luz que a arrodea a crioula di toda leda:

—Oh, xa o vexo!

E morre rindo con dúas pequenas chamas no fondo dos ollos.





## ÍNDICE

■ A DERRADEIRA CLASE . . . . .	3
■ ARTHUR . . . . .	11
■ OS TRES AVISOS . . . . .	19
■ A SOPA DE QUEIXO . . . . .	25
■ O DERRADEIRO LIBRO . . . . .	29
■ VÉNDESE CASA . . . . .	35
■ FESTA DE NOITEVELLA NO MARAIS . . . . .	43
■ MORREU O PAPA . . . . .	51
■ AS EMOCIÓNS DUN PERDIGÓN COLORADO . . . . .	57
■ O ESPELLO . . . . .	65



